

## **BASES ENTROIDO O IRIXO 2024**

O concello de O Irixo convoca un pasarrúas e festa de Entroido que se celebrará o sábado 10 de Febreiro as 17:00 horas con saída dende enfrente a Residencia de maiores Pena da Sela de O Irixo ata o polideportivo municipal.

Por tal motivo, elaboranse e publícanse as presentes bases, que regularán a participación e premios a outorgar.

PRIMEIRA.- A participación implica a aceptación destas bases e está aberta a participación a toda aquela comparsa que o desexe.

As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas en horario de 09:00 a 14:00 horas no teléfono 988287400, ou ben no mail [info@irixo.gal](mailto:info@irixo.gal).

SEGUNDA.- O obxecto e finalidade do presente Concurso de Entroido é o fomento e participación cidadá na celebración e organización da mesma así como potenciar a actividade lúdica.

TERCEIRA.- O crédito orzamentario ó que se imputan as compensacións por participación e os premios a entregar, resultantes da participación no pasarrúas, imputaranse a cargo da partida orzamentaria: 338 480 00.

CUARTA.- Modalidades de participación e compensación por participar.

A fin de regular a participación das comparsas, créanse as seguintes modalidades:

1. Modalidade de comparsas:
  - Comparsa de 10 a 25 participantes. Compensación de 100 €
  - Comparsa de 26 a 50 participantes. Compensación de 200 €
  - Comparsa de máis de 50 participantes. Compensación de 300 €

2. Modalidade de parellas.

Adxudicando premio o mellor disfraz por parellas onde os dous membros sexan maiores de 18 anos, de 50 €.

Non poderán optar o concurso de parellas, aqueles integrantes que o sexan a súa vez de unha comparsa.



#### QUINTO.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

A inscrición de participantes farase nas oficinas municipais, en impreso normalizado (achegado as presentes bases), dende o día 17/01/2024 ata o día 07/02/2024 en horario de 09:00 horas a 14:00 horas. Tamén se poderá presentar a través da sede electrónica do concello de O Irixo, a través de formulario de instancia xeral, e adxuntado o impreso de solicitude a instancia.

A inscrición pecharase o alcanzar un total de 12 comparsas.

#### SEXTO.- COMPOSICIÓN DO XURADO

A fin de avaliar os disfraces de parellas crease un xurado que estará formado por:

Presidente: Alcaldesa ou concelleiro designado, en representación do Concello de O Irixo.

Vogais: 2 representantes de asociación culturais do Concello de O Irixo.

#### SÉPTIMO.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Laboriosidade
- Vistosidade e Calidade

Cada un destes criterios será calificado de 1 a 5 puntos. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación. A decisión do xurado será inapelable.

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

#### OITAVO.- ENTREGA DE PREMIO E COMPENSACIONES

A entrega dos diplomas acreditativos do premio e compensacións terán lugar o mesmo día da celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, a Alcaldesa fará público o resultado.

Posteriormente, os importes correspondentes serán abonados nas contas bancarias dos participantes.



#### NOVENA.- USO DE IMAXES E PROTECCIÓN DE DATOS

A organización realizará fotografías e videos dos diferente momentos do pasarrúas. Mediante a inscrición, os participantes consentirán a cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración deste evento.

As fotografías serán utilizadas por o concello con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web do concello.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello. A persoa interesada poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a [info@irixo.gal](mailto:info@irixo.gal) ou por correo ordinario ó concello de O Irixo (Pza. Manuel Penedo, 10 - 32530 - O Irixo)

#### DÉCIMA.- RESPONSABILIDADES

A organización terá potestade para eliminar do concurso ou do pasarrúas a calquera participante que vulnere o espírito do entroido ou que atente contra calquera dos dereitos humanos universalmente recoñecidos, tamén estará prohibido desfilas con animais de todo tipo e utilizar material pirotécnico, bengalas, petardos, etc. así como todos aqueles elementos que poidan ser considerados perigosos para o desenrolo desta actividade tanto para participantes como para espectadores.

Na procura da orixinalidade e diversidade, no caso de que a organización detecte que o traxe co que se desfila, tanto en modalidade de comparsa como parexa, xa foi utilizado en anos anteriores en diferentes pasarrúas de entroido, terá potestade para excluir e eliminar a comparsa ou parella participante.

A organización eximirase de calquera responsabilidade derivada do uso impropio do material ou dos disfraces que tomen parte no desfile, da acción derivada da actividade dos vehículos participantes, así como de calquera outro elemento que aporten as comparsas, grupos ou persoas disfrazadas.

#### UNDÉCIMA.- EXPOSICIÓN

As presentes bases estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro dixital da sede electrónica do Concello de O Irixo.



**SOLICITUDE PARTICIPACIÓN ENTROIDO  
O IRIXO 2024**

**DATOS DA ASOCIACIÓN OU COMPARSA**

Nome:	Cif:
MODALIDADE: <input type="checkbox"/> Comparsa. N° Aproximado de participantes: ----- <input type="checkbox"/> Parexa	
DENOMINACIÓN DA COMPARSA - DISFRAZ DO PRESENTE ANO 2024:	
Dirección:	Municipio:
Teléfono:	
Mail:	

**DATOS DO/A REPRESENTANTE**

Nome:	DNI:
Dirección:	Municipio:
Teléfono:	

O abaixo asinante, en representación da comparsa ou parexa denominada \_\_\_\_\_ manifesta o seu desexo de participar no entroido de O Irixo, e ter lido as bases de participación estando conforme coas mesmas. Para que así conste, asíñase en

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2024

Información Básica Protección de Datos e Consentimento





De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección da datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e do propio Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, de 27 de abril de 2016 (RXPd) e artigos 13 e 14 RXPd, informase os/as solicitantes que autorizan ao Concello de O Irixo para o tratamento dos datos persoais incluídos no presente documento, sendo estes incorporados o "Registro Actividades de Tratamento Servizos Usuarios" para os fins propios da solicitude. Pode revocar o presente consentimento ou o do seú representado e exercer os seus dereitos de acceso, rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, oporse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, por medio de <https://oirixo.sedelectronica.es/privacy.1>, tamén por [info@irixo.gal](mailto:info@irixo.gal) ou mediante un escrito dirixido ao Concello de O Irixo (*Praza Manuel Penedo, 10, 32530 - Irixo (Ourense)*), tamén a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>. Mentres non comunique o contrario, enténdese que os datos que aparecen no presente formulario non foron modificados e que se compromete a notificarlle ao Concello de O Irixo calquera variación ou actualización.

